

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 29 DE DECEMBRO DE 2011.

ASISTENTES:

Presidente:

D. José Ignacio Portos Vázquez

Concelleiros:

D^a. Ana Ledo Fernandez

D. Jose Angel Rey Seoane

D^a. Isabel Sesar Otero

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:20 horas do día vinte e nove de decembro de 2011, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia do alcalde, D. José Ignacio Portos Vázquez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde-presidente, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Coñecidas polos/as asistentes, a través de fotocopias repartidas xunto coa convocatoria, as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 27/10/2011 e 24/11/2011, de conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. alcalde-presidente se algún membro da corporación quere formular algunha observacións ás mesmas. Sinala a secretaria a omisión da relación dos decretos dictados pola alcaldía presidencia números 374, 375, 380, 381, 383, 384, 385, 386 e 392 na acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local celebrada o día 24/11/2011.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local celebradas os días 27/10/2011 e 24/11/2011 coa rectificación indicada nos considerandos deste acordo.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.1.- SOLICITUDE SINATURA DE CONVENIO DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS BÁSICOS PARA O ANO 2012 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido polo departamento de Servizos Sociais da Excma. Deputación Provincial de A Coruña con data 20 de decembro de 2011, rexistrado de entrada neste Concelo con data 22/12/2011 ao número 1859, no que informa que dende o goberno provincial vai seguir mantendo o Plan de convenios de servizos sociais con concellos de menos de 20.000 habitantes e para o exercicio 2012 vai reforzar o servizo de axuda no fogar, que a maioría dos concellos veñen solicitando desde fai tempo, sendo necesario envían unha solicitude asinada polo representante do concello, e deberá acompañarse do impreso coas previsións económicas de ingresos dos distintos módulos de acordo co anexo I.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados e acordan por unha unanimidade:

PRIMEIRO.- Solicitar ante a Excm. Deputación Provincial de A Coruña a sinatura de convenio de servizos comunitarios básicos conforme a seguinte previsión económica.

<input type="checkbox"/>			FINANCIAMENTO PREVISTO <input type="checkbox"/>			
MÓDULOS	PERSOAL	ORZAMENTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA XUNTA	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA USUARIOS
I						
II-A II-B II-C	1 Traballadora social	30.381,96€	13.915,53€	15.012,59€	1.453,84€	
III-A III-B III-C III-D	Técnica de grao medio xornada completa	31.330,96€	6.422,55€	7.506,30€	17.402,11€	
IV	Auxiliares SAF	64.800,00€ <input type="checkbox"/>	17.643,83€	7.452,68€	5.143,49€	34.560,00€ *

* Previsión 30 usuarios, 20 días ao mes, 1 hora a 4,80€

SEGUNDO.- Autorizar ao Alcalde para a súa sinatura.

TERCEIRO.- Certificación deste acordo sexa remitida ao departamento de Servizos Sociais da Excm. Deputación Provincial de A Coruña.

2.1.2.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 40% DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DO DRENAXE E CÉSPEDE DO CAMPO DE FÚTBOL DE BOIMORTO A TRAVÉS DO CONVENIO DE COLABORACIÓN FORMALIZADO CON DATA 20/09/2010

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de patrimonio e contratación, rexistro de entrada 1852 de data 19/12/2011, no que se comunica a aprobación do pago a este concello da cantidade de 13.243,92 €uros correspondente ao 40% do importe de adxudicación das obras de MELLORA DE DENAXE E CÉSPEDE DO CAMPO DE FÚTBOL DE BOIMORTO.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.3.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO 40% DO IMPORTE DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO DO ACCESO Á IGREXA DE SAN VICENTE DE ARCEO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN FORMALIZADO CON DATA 22/07/2010

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, servizo de patrimonio e contratación, rexistro de entrada 1780 de data 30/11/2011, no que se comunica a aprobación do pago a este concello da cantidade de 11.287,49 €uros correspondente ao 40% do importe de adxudicación das obras de ACONDICIONAMENTO DO ACCESO Á IGREXA DE SAN VICENTE DE ARCEO.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.4.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA PROXECTO INTEGRAL DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada 1794 de data 5/12/2011, no que se comunica a aprobación da xustificación da subvención concedida para o proxecto integral de prevención da violencia de xénero, convocatoria 2010, por importe de 7.041,37 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.5.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE ENVELLECIMENTO ACTIVO PARA AS PERSOAS MAIORES EXERCICIO 2011.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada 1862 de data 23/12/2011, no que se comunica a resolución de aboamento da subvención, anticipo prepagable a xustificar, para a realización do proxecto de thermalismo social, cun importe de subvención de 6.000,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.6.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES NO FOMENTO DA POLITICA DE IGUALDADE ENTRE MULLERES E HOMES EXERCICIO 2011.

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada 1863 de data 23/12/2011, no que se comunica a resolución de aboamento da subvención, anticipo prepagable a xustificar, para a realización do proxecto formativo para mulleres do Concello de Boimorto, cun importe de subvención de 7.599,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.7.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN PAGO DO PRIMEIRO PRAZO DO CONVENIO DE SERVIZOS SOCIAIS EXERCICIO 2011

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de servizos sociais, rexistro de entrada 1817 de data 12/12/2011, no que se comunica a resolución do pago do primeiro prazo (75% da aportación provincial do ano 2011), con carácter de anticipo prepagable do convenio de servizos sociais por importe de 19.467,00 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.8.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL APROBACIÓN XUSTIFICACIÓN ACTUACIÓNS CONCEDIDAS A ESTE CONCELLO NO MARCO DA CONVOCATORIA DA REDE CULTURAL PARA O ANO 2011

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de cultura e deportes, rexistro de entrada 1865 de data 26/12/2011, no que se comunica que os xustificantes entregados en relación coas actuacións concedidas no marco da convocatoria da rede cultural para o ano 2011 cumpren coas condicións esixidas na convocatoria polo que se procederá a aboa-la cantidade de 3.581,20 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.9.- RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AMPLIACIÓN DA PRÓRROGA DE PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA SANEAMENTO EN BRATES

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola Deputación Provincial, sección de plans provinciais, rexistro de entrada 1853 de data 19/12/2011, no que comunica a resolución de concesión dunha ampliación da prórroga do prazo de execución da obra Saneamento en Brates, incluída no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011, anualidade 2009, ata o 30 de xuño de 2012.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.10.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL EN RELACIÓN COAS AXUDAS PARA O PERSOAL TÉCNICO DO SERVIZO DE LINGÜÍSTICO MUNICIPAL

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola presidenta da Comisión de Benestar Social, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística da Deputación Provincial, rexistro de entrada 1848 do 16/12/2011, no que manifesta a vontade de continuar coa axuda para a anualidade de 2012 para manter o persoal do servizo lingüístico municipal cunhas peculiaridades para un maior aproveitamento dos recursos que se citan literalmente:

- A poboación mínima para poder optar á axuda será de 7.000 habitantes.
- Os concellos de menos de 7.000 habitantes poden agruparse ou mancomunarse para a prestación do servizo e solicitar a participación.
- Podera conceder unha axuda de 3.000 euros ampliable a un máximo de 6.000 euros por beneficiario, sempre que haxa orzamento dispoñible.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.11.- ESCRITO DE UNIÓN FENOSA RELATIVO Á SOLICITUDE DE SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA ÁREA RECREATIVA DE OS ÁNXELES. EXPEDIENTE Nº: 218309070143

Pola secretaria dáse conta do escrito enviado pola empresa Unión Fenosa Distribución, S.A., rexistro de entrada 1858 de 22/12/2011, no que comunica que na revisión efectuada polos técnicos en relación coa solicitude de subministro de enerxía eléctrica na área recreativa de os Ánxeles detectáronse unha serie de deficiencias e que deben ser corrixidas para poder continuar coa tramitación do expediente e proceder á posta en servizo das instalacións.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.1.12.- DACIÓN DAS MEMORIAS MENSUAIS DO PROGRAMA AURORA.

Pola secretaria dáse conta das memorias mensuais de actuación xustificativa do cumprimento de condicións impostas e dos compromisos adquiridos na execución do programa Aurora: programa dirixido a promover a participación social e a empeabilidade das mulleres no ámbito rural dos meses de novembro e decembro de 2011, presentadas pola monitora Patricia Abad Barreiro.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITOS PARTICULARES

2.2.1.- ESCRITO DE DENUNCIA DA FEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE SALAS DE FESTA, BAILE E DISCOTECAS DE GALICIA

Pola secretaria dáse conta da documentación presentada no rexistro único do edificio administrativo de Vigo o día 14.11.2011 a Federación de Empresarios de salas de Festa, Baile e discotecas de Galicia, rexistro de entrada 1766 de 25/11/2011, no que denuncia a organización de actividades de carácter festivo, especialmente durante as noites de Fin de Ano e de Reis, sen contar coa oportuna autorización municipal, e a tal efecto solicitan se proceda a aprobación dun Plan de Seguridade Municipal Navideño para investigar e non permitir a celebración de actividades de carácter festivo que non dispoñan a correspondente autorización municipal ou que carezan dos requisitos técnicos, sanitarios e de seguridade esixidos polo Concello para optar a unha autorización, ou que se realicen en establecementos sen licenza de apertura, abríndose un expediente sancionador contra o titular/es da actividade.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.2.- ESCRITO DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO SOLICITANDO O ACONDICIONAMENTO LOCAL SOCIAL E ALUMEADO PISTA POLIDEPORTIVA NA PARROQUIA DE ARCEO.

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado por D. Juan José García Duro, en calidade de presidente da asociación de veciños de Arceo, rexistro de entrada 1768 de 25/11/2011, no que solicita a instalación de rexas en tódalas ventás da planta baixa, tanto na fachada principal como posterior e nas portas de acceso ao local da antiga escola unitaria de Arceo e a instalación de alumeado público na área recreativa.

A Xunta de goberno local acordou por unanimidade informar ao interesado que neste Concello foi aprobada unha ordenanza que regula a cesión de uso de locais ás asociacións veciñais aos efectos da súa participación en convocatorias de subvencións para melloras dos locais e para uso efectivo dos mesmos polas asociacións interesadas, na que se indica o procedemento a seguir e as posibilidades e condicións de realizacións de inversións, poñendo os servizos do Concello a súa disposición para a asesoría necesaria nesta materia. Así mesmo a Xunta de goberno local decide por unanimidade informar ao interesado que a instalación de alumeado público solicitada xa foi executada.

2.2.3.- ESCRITO DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO SOLICITANDO A LIMPEZA DE CONTENEDORES DE LIXO

Pola secretaria dáse conta da solicitude presentada por D. Juan José García Duro, en calidade de presidente da asociación de veciños de Arceo, rexistro de entrada 1831 de 14/12/2011, no que solicita a limpeza de contenedores de lixo.

A Xunta de goberno local dase por enterada e di que terá en conta a necesaria realización dos traballos solicitados acordando remitir certificación deste acordo ao interesado.

2.2.4.- ESCRITO DO PRESIDENTE DA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE ARCEO SOLICITANDO A REVISION DA REDE DE SUMIDOIROS

Pola secretaria dáse conta da solicitude presentada por D. Juan José García Duro, en calidade de presidente da asociación de veciños de Arceo, rexistro de entrada 1832 de 14/12/2011, no que solicita a revisión da rede de sumidoiros para intentar resolver o problema de malos olores e o cambio de ubicación dun sumidoiro.

A Xunta de goberno local decide informar ao interesado que dita obra relacionada co saneamento foi executada e contratada pola Excm. Diputación Provincial de A Coruña polo que terá que porse en coñecemento de dita entidade a mala execución sen prexuízo do auxilio e exercicio de competencias que este Concello ten outorgadas pola lexislación vixente en materia de salubridade pública.

3.- LICENZAS, PERMISOS AUTORIZACIÓNS

3.1.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN UTILIZACIÓN DO EDIFICIO DA ANTIGA ESCOLA DE ARCEO PARA A REALIZACIÓN DUN CAMPEONATO DE TUTE O DÍA 7 DE XANEIRO DE 2012

Pola secretaria dáse conta do escrito presentado por D. Miguel Gil Meijide con DNI nº 78803080C, en calidade de membro da comisión de festas de Arceo, con enderezo en Canto do Balo núm. 3, parroquia de Arceo, Boimorto, rexistro de entrada 1876 de data 28/12/2012 no que solicita que se lle conceda autorización para o uso do edificio da antiga escola de Arceo para a celebración dun campionato de tute o día 7 de xaneiro de 2012 a partir das 21:00 h.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Autorizar á comisión organizadora das festas da parroquia de Arceo a utilización do edificio da antiga escola de Arceo o día 7 de xaneiro de 2012 a partir das 21:00h

SEGUNDO.- O solicitante queda responsabilizado da utilización do inmoible e dos materiais que deberán ser conservados no estado en que se atopan e entregan para o seu uso.

TERCEIRO.- Notificar o presente decreto ao interesado con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.2.- LICENZA PARA A PLANTACION DE EUCALIPTOS NA FINCA Nº 266 NA PARROQUIA DE BUAZO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. LUÍS LÓPEZ TABOADA.

Visto o expediente de solicitude de licenza tramitada a instancia de D. Luís López Taboada, en posesion do DNI núm. 33190662Y e con domicilio para os efectos de notificación en Lg. Lamas, 2 parroquia de Cardeiro, pertencente a este termo municipal, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 1683 de data 17/11/2011 para a plantación de eucaliptos na finca nº 266 na parroquia de Buazo.

Visto o informe emitido polo servizo técnico-urbanístico con data 17/11/2011 asinado por D. Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e Urbanismo de Cerne Ingeniería, S.A., empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística do Concello de Boimorto que se reproduce literalmente:

<<Fernando Delgado Juega, Xeógrafo-Urbanista adscrito ao departamento de Planeamento e urbanismo de CERNE INGENIERÍA S.A., con CIF A-15056468, empresa adxudicataria do concurso para a prestación do servizo de asistencia técnico-urbanística ao concello de Boimorto, emito o seguinte

INFORME:

Con data 17 de novembro de 2.011, número de rexistro 1.683, D Luis López Taboada, solicitou ante o concello de Boimorto a plantación de eucaliptos na finca nº 266 da concentración parcelaria de Buazo.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

A parcela mencionada con anterioridade está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal e solo rústico de protección de infraestruturas, xa que por ela discorre unha liña de eléctrica de alta tensión. En SRP forestal as plantacións encóntranse entre os usos permitidos no artigo 76. Pola súa banda, en SRP de infraestruturas (Art. 77) as plantacións non están permitidas, sendo preciso deixar unha distancia de 8 metros a ambos lados do eixo da liña, aos efectos de preservar os terreos afectados pola mencionada infraestrutura.

De acordo co establecido no artigo 41.2 relativo a plantación e tala de árbores, establécese a obrigatoriedade da solicitude de autorización previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m2. Na comunicación identificarase o propietario, o terreo de plantación, así como a especie e a densidade.

Segundo a documentación presentada, os datos básicos da plantación son os seguintes:

- Propietario: D Luis López Taboada
- Especie de madeira obxecto de plantación: Eucalipto
- Parcela 266 concentración parcelaria de Buazo.
- Densidade: -.

Deberanse cumprir as distancias sinaladas no artigo 41.2.1

	Eucaliptos
Vivendas	50 m

A lindeiros	Árbores 2 m; Arbustos 50 cm
Ao eixe do camiño e das pistas	4 m
Aos mananciais	25 m

No relativo ás pistas e camiños, as plantacións deberás respectar as distancias establecidas no artigo 43 para os cerramentos das fincas. Neste caso, ao tratarse dunha vía de tipo III e atoparse en solo rústico, as distancias serán de 4 m. ao eixe da vía, deixándose unha distancia de 1,50 m. ao bordo exterior da gabia, se esta está construída e a distancia resultara maior que as anteriores.

Os usos que presenta a parcela segundo a información obtida do SIXPAC e a seguinte:

Parcela	Uso	Superficie Ha
266	Forestal	1,5129

A solicitude presentada se axusta ao establecido nos artigos 76 e 41.2 do PXOM, así como na lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, podéndose autorizar a plantación no terreo clasificado como solo rústico de protección forestal nas condicións indicadas, mentres que nos terreos clasificados como solo rústico de protección de infraestruturas, coincidentes cunha franxa de terreo de 8 metros medidos desde o eixe da liña eléctrica e a ambos lados da mesma, non se poderán plantar árbores

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto a 23 de novembro de 2.011.

Fernando Delgado Juega
CERNE INGENIERÍA S.A.>>

Visto canto antecede a Xunta de Goberno Local, por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Outorgar autorización a D. Luís López Taboada, en posesion do DNI núm. 33190662Y para a plantación de eucaliptos na finca nº 266 da parroquia de Buazo, cos condicionantes establecidos no informe técnico transcrito nos considerandos do presente acordo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar o réxime de recursos administrativos que pode interpor fronte o acordo de autorización.

3.3.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE NA FINCA Nº 407 DO POLÍGONO 406 PARROQUIA DE ÁNXELES SOLICITADA A INSTANCIA DE JAVIER SÁNCHEZ BREA

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 22/06/2011 nº de rexistro de entrada 919 presentada por D. Javier Sánchez Brea proxecto de “Reforma y ampliación de explotación de vacuno de leche” na finca nº 407 polígono 406 pertencente a parroquia de Ánxeles; redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Óscar J. Pose Andrade Colexiado nº 1.430 visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20110592; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección forestal, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección de infraestruturas.

Visto que a explotación conta co recoñecemento administrativo de existencia de explotación gandeira, ao amparo da disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002.

Visto o informe técnico de data 06/07/2011 no que se require documentación, con data con data 29/07/2011 presenta en rexistro de entrada nº 1155 “Anejo I a: Proyecto de reforma y ampliación de explotación de vacuno de leche”; visto o informe técnico de data 03/08/2011 no que se

require documentación, con data 10/10/2011 presenta en rexistro de entrada nº 1402 “Anejo II a: Proyecto de reforma y ampliación de explotación de vacuno de leche”, e visto o informe técnico de data 17/10/2011 no que se require documentación, con data con data 30/11/2011 presenta en rexistro de entrada nº 1784 “Anejo III a: Proyecto de reforma y ampliación de explotación de vacuno de leche”.

Visto informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 30/11/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, no que se informa de que non é necesario someter a actividade ó procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

Visto o informe de Secretaría de data 29/12/2011.

Condicionando a licenza ao sinalado nos informes de Secretaría-Intervención e do arquitecto técnico Ángel Delgado Cid nos que se sinala que segundo a documentación presentada esta actividade non aumentará os animais presentes na explotación polo que tampouco acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008 para cualificar como substancial a ampliación pretendida; polo que non é necesario someter a actividade ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental. Non se considera necesario a autorización previa de Urbanismo en base ao artigo 33.2.b) da Lei 9/2002 e deberánse ter en conta as medidas correctoras sinaladas no propio proxecto, a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza provisional de actividade a D. Javier Sánchez Brea para ampliación de explotación de vacuno de leche” na finca nº 407 polígono 406 pertencente a parroquia de Ánxeles; segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Óscar J. Pose Andrade colexiado nº 1.430 visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas co número 20110592; presentando anexos e oficio de dirección de obra visado nº 20110592; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección forestal, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección de infraestructuras, situándose a actividade na parte da parcela clasificada como solo rústico de protección forestal.

SEGUNDO.- A presente autorización de licenza provisional de actividade estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e anexos así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo, así como as contidas noutros informes de autorizacións sectoriais, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións, en concreto:

.- A actividade non pode iniciarse ata a obtención de licenza definitiva de actividade tras a visita de comprobación dos técnicos municipais, condicionada a previa obtención de autorizacións sectoriais necesarias.

.- Con anterioridade a concesión da licenza definitiva de actividade deberá presentar a inscrición no rexistro da propiedade do compromiso contemplado no artigo 42 da Lei 9/2002.

.- Estará condicionada a que non aumente os animais presentes na explotación, nin acadará os incrementos contemplados no artigo 3 do Decreto 133/2008, para cualificar como substancial a ampliación pretendida, e polo tanto, non está sometida ao procedementos de avaliación de incidencia ambiental.

.- A licenza de actividade provisional debe cumprir o recollido no artigo 40 do PXOM de Boimorto para uso de categoría 2 así como o cumprimento de medidas correctoras contidas no proxecto.

.- En ningún caso se poderá comezar a exercer a actividade antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.

.- Para poder obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúe a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase de

certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á Al-caldía-Presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desexe e designe.

.- A liquidación da licenza de actividade realizarase trala visita de comprobación e coa licenza definitiva de funcionamento, de ser o caso.

TERCEIRO .- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión dos recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como o lugar e o prazo para interpoñelos.

3.4.- LICENZA PROVISIONAL DE ACTIVIDADE PARA IMPLANTACIÓN DE ESTACIÓN BASE DE TELEFONÍA MÓBIL RURAL OUTDOOR-LOW COST NO LUGAR DE NOGAREDO, PARROQUIA DE BRATES, A INSTANCIA DE D. FRANCISCO JOSÉ SAIZ MONZÓN, EN REPRESENTACIÓN DE VODAFONE ESPAÑA, S.A.U.

Visto o procedemento para outorgamento de licenza urbanística iniciado con data 02/12/2011 nº de rexistro de entrada 1573 por D. Francisco José Saiz Monzón, en nome e representación de “Vodafone España, S.A.U., presentou ante o Concello de Boimorto proxecto para implantación de estación base de telefonía móbil rural Outdoor-Low Cost, no lugar de Nogaredo, parroquia de Brates, parcela 1007 do polígono catastral 502; redactado pola enxeñeira de telecomunicación D^a. Marta Veira Lorenzo, colexiada nº 13.788 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros de telecomunicación co número P10401279; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural, situando a estación base de telefonía móbil na primeira das clasificacións.

Con data 22/12/2010 o técnico urbanístico municipal emitiu informe sinalando unha serie de observacións polo que o 24/08/2011, rexistro de entrada 1.239 por D. Antonio Raposo Vidal en representación de Vodafone España, S.A.U. presenta anexo enmendando as observacións solicitadas polos servizos técnicos municipais.

Realizada a consulta ao departamento territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas se esta actividade está ou non sometida a avaliación de incidencia ambiental, aprobado por Decreto 133/2008, do 12 de xuño, segundo acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 29/09/2011.

Vista a resolución da Xefatura Territorial comunicada mediante escrito de data 03/11/2011, rexistro de entrada neste Concello co número 1733 e en data 17/11/2011, non é necesario someter a actividade obxecto de consulta ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental, aínda que deberán terse en conta na licenza municipal de activiade, as seguintes medidas protectoras e correctoras para acadar unha maior protección do medio ambiente:

.- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestor autorizado.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 24/08/2011 dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid.

Visto o informe de Secretaría de data 29/12/2011

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Outorgar, **salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros**, licenza provisional de actividade a D. Francisco José Saiz Monzón, en nome e representación de “Vo-

dafone España, S.A.U., conforme ao proxecto de implantación de estación base de telefonía móbil rural Outdoor-Low Cost, no lugar de Nogaredo, parroquiade Brates, parcela 1007 do polígono catastral 502; redactado pola enxeñeira de telecomunicación D^a. Marta Veira Lorenzo, colexiada nº 13.788 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros de telecomunicación co número P14401279; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo rústico de protección agropecuaria e solo de núcleo rural, situando a estación base de telefonía móbil na primeira das clasificacións e anexo de documentación complementaria visada polo colexio oficial de enxeñeiros de telecomunicación co número P11009199.

SEGUNDO.- A presente autorización de licenza provisional de actividade estará condicionada, ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto técnico presentado coa solicitude de licenza e anexo, así como as establecidas nos informes técnicos que constan no expediente e indicadas neste acordo, así como as contidas noutros informes de autorizacións sectoriais, sometendo a licenza provisional de actividade ás seguintes condicións:

.- Tal e como se establece no artigo 4 da Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústica e no seu regulamento aprobado por Decreto 150/99 de 7 de maio (DOG nº 100 do 27 de maio de 1999 non se poderá iniciar a actividade ou poñer en funcionamento a instalacións sen licenza definitiva de actividade para cuxa obtención terá que previamente comprobarse por este Concello ou por certificación de empresa homologada segundo o artigo 9 da Lei 7/1997 que se cumpre a normativa sobre contaminación acústica.

.- Antes de obter a licenza definitiva de actividade deberá presentar no Concello a aprobación por parte do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, do proxecto técnico de telecomunicacións, conxuntamente co estudo de niveis de exposición radio eléctrica e proxecto de instalación de sinalización segundo se recolle no Real Decreto 1066/2011 de 28 de setembro polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do do dominio público radio eléctrico, restriccións ás emisións radioelétricas e medidas de protección sanitaria fronte ás emisións radioelétricas.

.- Antes de obter licenza definitiva de actividade deberá presentar no Concello autorización previa da posta en funcionamento por parte de Industria.

.- Todos os residuos que se xeren como consecuencia da instalación, explotación e desmantelamento deberán ser entregados a xestor autorizado.

.- En ningún caso a actividade se poderá comezar a exercer antes de que se teña obtido a acta de comprobación favorable.-

.- Para obter a acta de comprobación favorable o petionario terá que solicitar ao Concello para que este efectúa a oportuna visita de comprobación. Á solicitude acompañarase certificación do Técnico Director das obras e instalacións na que se especifique a conformidade destas á licenza de obras que lles ampara.

.- No suposto de que antes de solicitar a visita de comprobación se teñan que facer probas para verificar o funcionamento de máquinas ou de instalacións, o titular deberá de comunicalo á alcaldía-presidencia con cinco días de antelación, explicando a duración e as medidas adoptadas para garantir que estas probas non afectarán ao entorno, nin crearán risco para as persoas nin aos bens. Á realización destas probas poderán asistir os técnicos que o Concello de Boimorto desece e designe.

.- A liquidación da licenza de actividade realizarase trala visita de comprobación e coa licenza definitiva de funcionamento

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado, con expresión de recursos que pode interpoñer contra o mesmo acordo, así como lugar e o prazo para interpoñelos.

4.- URBANISMO OBRAS SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria que debería sinalarse nos informes técnicos sobre se as edificacións nas que se pretenden obras menores de conservación ou reparación entran na categoría de tradicionais, fora de ordenación ou son obras con ou sen licenza urbanística, aos efectos de poder outorgar as licenzas menores, de conformidade co establecido na normativa urbanística vixente e non permitir obras en edificacións ilegais ou incoar no seu caso o expediente de reposición de legalidade e sancionador oportuno.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 54/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DE TELLA DA PARTE ESQUERDA DA VIVENDA SITA EN ZAÍN Nº 26, PARROQUIA DE RODIEIROS, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. DAVID PAMPÍN GARCÍA.

Visto o expediente de solicitude de licenza urbanística de obra, tramitado a instancia de D. David Pampín García, con DNI núm. 33226194A, e con domicilio para os efectos de notificación no número 26 do lugar de Zaín, parroquia de Rodieiros, Boimorto, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello núm. 401 de data 29/03/2011 para a substitución de tella da parte esquerda da vivenda sita en Zaín nº 26, parroquia de Rodieiros, (solo de núcleo rural) segundo memoria descriptiva presentada.

Tramitada polo interesado solicitude de autorización do Organismo Augas de Galicia (expediente DH.W15.26320) e incorporado ao expediente comunicación do Xefe do Servizo Territorial Zona Galicia-Centro de Augas de Galicia en data 15/12/2011, no que informa que á vista do informe de Gardería de Explotación de data 22.06.2011, no que se constata que a súa vivenda se atopa fóra da zona de policía de leitos públicos, definida no artigo 6 do Real Decreto Lexislativo 1/2001, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, as obras non precisa autorización de Augas de Galicia.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, colexiado nº 4657, con data 30/03/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de núcleo orixinario disperso.

Vista a consulta descriptiva e gráfica de datos catastrais de bens inmoables de natureza urbana, a vivenda data do ano 1900.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor a D. David Pampín García, con DNI núm. 33226194A (LO 54/2011) para a substitución de tella da parte esquerda da vivenda sita en Zaín nº 26, parroquia de Rodieiros (solo de núcleo rural) segundo memoria descriptiva presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra outorgada ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **3.082,50 Euros.**

Liquidación 2%: **61,65 Euros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.2.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 55/2011) PARA SUBSTITUCIÓN DE TELLA NA VIVENDA SITA EN GÁNDARA 69 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DONA MARÍA JOSÉ VÁZQUEZ FREIRE.

Visto expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D^a. María José Vázquez Freire, con DNI nº 33277749S, e con domicilio para os efectos de notificación no número 53 da rúa Gándara do núcleo de Boimorto, solicitude con entrada no concello nº 1765 con data 24/11/2011, para a substitución de tella na vivenda sita na rúa Gándara 69 do núcleo de Boimorto (solo urbano) segundo valoración presentada.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos, con data 14/12/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo urbano coa ordenanza de edificación extensiva.

E advertindo por Secretaría a non acreditación da legalidade e antigüidade da vivenda aos efectos de determinar o réxime legal ou fora de ordenación que fundamente o outorgamento da licenza.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor D^a. María José Vázquez Freire, con DNI nº 33277749S (LO 55/2011), substitución de tella na vivenda sita na rúa Gándara 69 do núcleo de Boimorto (solo urbano) segundo valoración presentada.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- .- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- .- As obras de reforma non afectarán a elementos estruturais.
- .- A reforma do tellado non suporá variación do volume actual da edificación.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **3.098,20 €**

Liquidación 2%: **61,96 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D^a. María José Vázquez Freire, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.3.- LICENZA DE OBRA MENOR (LO 56/2011) PARA LIMPEZA E CONSERVACIÓN (ENCINTADO DE PEDRA) DE MURO EXISTENTE NO LUGAR DE COTO SALGUEIRO, PARROQUIA DE ÁNXELES, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. LUÍS MIGUEL VÁZQUEZ GARCÍA.

Visto expediente de solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia de D. Luís Miguel Vázquez García, con DNI nº 32831810F, e con domicilio para os efectos de notificación en Ronda Músico Xosé Castiñeira, 2, 6º A, 27002 Lugo, solicitude con entrada no concello nº 1791 con data 05/12/2011, para a realización das obras limpeza e encintado dun cerramento de pedra de carácter tradicional situado no lugar de Coto Salgueiro, parroquia de Ánxeles (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada.

Vista a autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1001 de data 19/10/2011.

Visto o informe favorable ao outorgamento de licenza urbanística de obra menor dos servizos técnicos municipais asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos,

con data 7/12/2011 para a realización da dita obra que clasifica como menor en solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra menor D. Luís Miguel Vázquez García, con DNI nº 32831810T (LO 56/2011), para a realización das obras limpeza e encintado dun cerramento de pedra de carácter tradicional situado no lugar de Coto Salgueiro, parroquia de Ánxeles (solo de núcleo rural) segundo valoración presentada

SEGUNDO.- Someter a licenza de obra ás seguintes condicións:

- Outorgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Deberase axustar ao contido na autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1001 de data 19/10/2011
- As obras deberán comezar no prazo máximo de dous meses e rematar no prazo de doce meses contados desde a data de outorgamento da licenza, sen que poidan interromperse por tempo superior a tres meses.

TERCEIRO.- Aprobado a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra: **2.000,00 €**

Liquidación 2%: **40,00 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo a D. Luís Miguel Vázquez García, indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo acordo.

4.1.4.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 57/2011) PARA CONSTRUCCIÓN DE CERRE EN FRENTE DE PARCELA URBANA NO LUGAR DE CANTO DO BALO Nº 19, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JOSÉ DURO FERNÁNDEZ.

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obras, tramitado a instancia D. José Duro Fernández, con DNI núm. 32298538Y, e con domicilio a efectos de notificación en Avda. Finisterre, 27-8º C, A Coruña, solicitude con rexistro de entrada no concello nº 1764 con data 24/11/2011, para a realización de obras de construción dun cerre en frente de parcela urbana no lugar de Canto do Balo nº 19, parroquia de Arceo, segundo o proxecto redactado polo arquitecto técnico D. José Manuel Iglesias Castro e visado polo colexio oficial de apareladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de A Coruña co número UC 11/2018

Vista a autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1004 de data 21/06/2011.

Vistos os informes favorables ao autorgamento de licenza urbanística de obra maior do servizo técnico municipal asinado por D. Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, canles e portos colexiado 4657 con data 19/12/2011 que consta no expediente e informe da secretaria municipal de data 29/12/2011 informando favorablemente a concesión de licenza de obra.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a D. José Duro Fernández (LO 57/2011), obras de construción dun cerre en frente de parcela urbana no lugar de Canto do Balo nº 19, parroquia de Arceo, sita en solo de núcleo rural con ordenanza de orixinario disperso segundo o proxecto redactado polo arquitecto técnico D. José Manuel Iglesias Castro e visado polo colexio oficial de apareladores, arquitectos técnicos e enxeñeiros de edificación de A Coruña co número UC 11/2018.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

- .- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.
- .- Deberase axustar ao contido na autorización do Servizo de Vías e Obras Provinciais da Deputación Provincial da Coruña, da estrada CP-1004 de data 21/06/2011
- .- En todo caso as portas de acceso abrirán cara ao interior da finca.
- .- O acceso de vehículos recuarase 3 metros da liña de cerramento de forma que se reserve un espazo para parada de vehículos sen que estes invadan a calzada (artigo 30.7 do PXOM)
- .- O cerramento deberá recuarase 5 metros do eixo da vía municipal, ao tratarse dunha vía de tipo III (artigo 43 do PXOM)
- .- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destina-la construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- .- As obras deberán comezar no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de trs anos desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 197.1 da Lei 9/2002).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.-

Presuposto de execución material da obra, por informe técnico: **3.390,90 €**.

Liquidación 2% : **67,82 €**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.5.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 58/2011) PARA REFORMA E AMPLIACIÓN DE EXPLOTACIÓN DE VACÚN DE LEITE NA FINCA Nº 407 DO POLÍGONO 406 PARROQUIA DE ÁNXELES SOLICITADA A INSTANCIA DE JAVIER SÁNCHEZ BREA.

